



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Febreiro 2024 • Nº 286



FEBREIRO

L	M	MC	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29			

DÍA DE ROSALÍA O 23 DE FEBREIRO

■ O concello de Vedra pertence ao mecena-
do da Fundación Rosa-
lía de Castro e súmase
á programación que
cada ano realiza dita
organización.

Bótalle un ollo na súa
páxina web: rosalia.gal.



VEDRA FESTEIRA...

■ FESTA DAS CANDEAS...

En San Pedro de Sarandón o sábado 3 de febreiro.

■ FESTA DO SAN BLAS...

En San Mamede de Ribadulla o 3 e o 4 de febreiro.

■ FESTA DAS DORES...

En San Fins de Sales o domingo 4 de febreiro.

XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MAR-
TES E XOVES. Consultas telefónicas tamén os martes e
xoves no número 981 502 305.

• HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A
14:00 HORAS.

• Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

INFORMACIÓN CATASTRO EN VEDRA O TERCEIRO MARTES DE CADA MES ...EN FEBREIRO SERÁ O MARTES 20

■ Vedra oferta este servizo mensual de información de
catastro.

IMPRESINDIBLE RESERVAR CITA no teléfono 981 814
612 (en horario de 9:00 a 13:00 h.).

MOI IMPORTANTE: SÓ SE DARÁN CITAS PARA ASUN-
TOS RELACIONADOS CON BENS CATASTRAIS DENTRO
DO TERMO MUNICIPAL.

SERVIZOS PARA A RECICLAXE

■ Vedra pon as seguintes ferramentas a disposición
veciñal.

PUNTO LIMPO:

Aberto os martes e sábados nos seguintes horarios:

- Martes: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
- Sábados: de 9:00 a 14:00 horas.

(XA NON É PRECISO SOLICITAR CITA PREVIA)

SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS:

O concello conta cun servizo de recollida de volumi-
nosos a domicilio, para facerse cargo deses refuga-
llos que non tes maneira de trasladar ao punto lim-
po. Só tes que chamar ao 981 814 612 e solicitar a
recollida!!



Entrega de premios do Concurso de Postais de Nadal.



Actuación de Bandullo Azul no Centro Sociocultural.



Visita das Súas Maxestades os Reis Magos de Oriente á Nave da Estación.



Actuación de Paco Nogueiras na Nave da Estación.



Representación da obra de teatro "Un Morto Moi Vivo" no Centro Sociocultural de Vedra.



A Ludoteca no mes de xaneiro.



Inicio do Curso de alfabetización dixital na Aula CEMIT de Vedra.



Curso de autodefensa promovido dende a FEGAMP e organizado pola Área de muller e igualdade de Vedra.




Presentación do Entroido dos Xenerais da Ulla coa presenza de Vedra.



Campaña de Microchipeado e Esterilización de animais de compañía.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



XVII Concurso de Carteis para anunciar TeatroFilia da Asoc. Cultural Papaventos. A obra gañadora é de Rocío Carbia López.



A categoría infantil do XVII Concurso de Carteis para anunciar TeatroFilia da Asoc. Cultural Papaventos. A obra gañadora é de Martina Iglesias Cajaraville.



Cantarelas de Nadal da Asociación Cultural San Campio.



Festa Fin de Ano Infantil e Familiar da AC San Campio.



Excursión a Pazolandia coa AC San Campio.



Concerto de Fin de Ano da Banda de Música de Sta Cruz de Ribadulla.

Deporte



SENDEIRISMO O SÁBADO 17 DE FEBREIRO

■ O grupo de sendeiristas comeza un novo reto... **"O Camiño da Orixe"**.

A primeira etapa desta ruta será o sábado 17 de febreiro e o percorrido irá dende **O Faro de Corrubedo** ata **Aguíño**.

Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 7:40 horas.
- Parada no Breixo ás 7:45 horas.
- Parada no Hipercor ás 7:55 horas.
- Última parada diante da oficina do BNG (Antiga Estación de Buses) ás 8:00 horas.

Se queres participar desta etapa chama ao 981 814 691 e infórmate antes do 15 de decembro



XXVIII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA



XXVIII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

VEDRA - 2024

Domingo
04
febreiro

XIII BTT Cicloturista da Camelia polo Val do Ulla
(CC Ribadulla)

Domingo
11
febreiro

VIII Carreira por Montaña "A Camelia"
(CDM Vértice)

Venres
16
febreiro

**20:00 h: Charla: "CURIOSIDADES DA CAMELIA".
A camelia na literatura, na arte, na historia...
avances na súa investigación.**
Interven: Carmen Salinero Corral e Pilar Vela Fernández
(Estación Fitopatolóxica Areeiro)
Lugar: Centro de Emprendemento A Estación

Sábado
17
febreiro

**11:00 h: Curso - Ruta Fotográfica "AS CAMELIAS
A TRAVÉS DA LENTE. PASEO POLOS XARDÍNS
DE CAMELIAS DE VEDRA".**
Imparte: Yago Álvarez Enriquez
Inscripción previa/gratuito.
Prazas limitadas
Co resultado realizarase unha exposición fotográfica na
xornada da camelia.

Sábado
24
febreiro

**Visita Teatralizada ao Pazo de Santa Cruz de
Ribadulla "CAMIÑANDO ENTRE CAMELIAS CO TÍO
IVÁN" (VII Marqués de Santa Cruz de Ribadulla)**
Grupo 1: 11:30 h. / Grupo 2: 16:30 h.
Inscripción previa.
Prezo: 10 € - Prazas limitadas

**17:00 h: OBRADOIROS CREATIVOS CON
CAMELIA (infantil e familiar).**
Inscripción previa/gratuito.
Prazas limitadas

Domingo
25
febreiro

12:30 h: Apertura da EXPOSICIÓN DE CAMELIA.

**12:45 h: INAUGURACIÓN co escultor e pintor
vedrés, amante das camelias e do Camiño de
Santiago, CÁNDIDO PAZOS.**

Irmandade con LOUSADA (Portugal).

Entrega de premios e agasallos de
participación para as mostras de flor e
ornamentación con camelia.

**13:30 h: Actuación da ESCOLA DE MÚSICA DE
SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO
DE VEDRA.**

**17:00 h: Espectáculo infantil e familiar
"LILA STAR".**

Entrega de premios do CONCURSO DE
PINTURA INFANTIL DA CAMELIA.

18:15 h: DESFILE DE MODA DA CAMELIA.

**19:00 h: Actuación da AGRUPACIÓN
INSTRUMENTAL E CORO DE SECUNDARIA DO
CPI PLURILINGÜE DE VEDRA.**

20:00 h: Peché da xornada.

Domingo
03
marzo

Excursión-saída de campo a FENE - NARÓN
Visita ás coleccións privadas de camelias de José María
Ribera Arnosa e Eusebio López Redondo (Fene).
Visita ao bosque de camelias de Freixeiro (Narón).
Inscripción previa a partir do 20 de febreiro.
Prezo: 30 € - Prazas limitadas

Máis información en www.concellodevedra.gal

O ENTROIDO EN VEDRA

3 FEBREIRO

■ ENTROIDO EN VILANOVA

- Percorrido pola parroquia ao longo do día.
- 20:00 h. atranque en Picón.
- Coa Unión Carnavalesca de Vilanova.



4 FEBREIRO

■ FESTA DE DISFRACES INFANTIL E FAMILIAR

- Aberto a todas as persoas.
- Coa AC San Campio.
- 17:00 h. Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.



5 FEBREIRO

■ ENTROIDO DO CEIP ORTIGUEIRA CON ATRANQUES INFANTÍS

- Pola tarde.

9 FEBREIRO

■ DESFILE DE ENTROIDO DO CPI PLURILINGÜE DE VEDRA CON ATRANQUES INFANTÍS

- Pola mañá.

BAILE DE ENTROIDO

- 19:00 h. no Centro Social.



10 FEBREIRO

■ FESTA DA CACHEIRA EN VILANOVA

- Coa Comisión de Festexos.

17 FEBREIRO

■ ENTROIDO EN SAN XIÁN DE SALES

- Percorrido pola parroquia ao longo do día.
- A partir das 19:00 h. atranque no campo da festa.
- Coa Comisión de Festas.



CONCERTO DO GRUPO DE MÚSICA ANTIGA MENESTREIS

- **Data:** domingo 3 de marzo.
- **Lugar:** Igrexa Parroquial de San Xián.
- **Hora:** ás 17:30 horas.

Coa actuación previa do coro parroquial LEDICIA.

Unha actividade cultural diferente e gratuíta que non te debes perder!!



Emprendemento

CENTRO DE EMPRENDEMENTO “A ESTACIÓN”

PROGRAMACIÓN DE FORMACIÓN NA ESTACIÓN

■ En A Estación levamos a cabo unha dinámica de actividades periódicas orientadas non só a coworkers, senón tamén a outras persoas emprendedoras, empresarias ou profesionais interesadas, que terán que apuntarse previamente chamando ao teléfono 981 51 22 ou enviando un correo a aestacion@concellodevedra.gal.

MATRIOSKA COLABORATIVA

■ Ten lugar os venres de 10:30 a 12:00 horas. Trátase de definir e presentar posibles proxectos ou accións colaborativas para tratalas en grupo e atopar sinerxías non só entre diferentes coworkers senón tamén con empresas externas ao centro. Cada reunión presencial estará conformada por un número máximo de 7 posibles colaboradores, coordinados por un facilitador que os organiza e regula.

ESPAZO D'ARTAGNAN

■ Un xoves ao mes, de 10:30 a 12:00 horas, o Espazo D'Artagnan ten como obxectivo a posta en común de medios, bloqueos, limitacións ou calquera outro desafío emocional ao que se enfrontan as persoas emprendedoras en cada unha das fases do seu percorrido de posta en marcha dun negocio viable. É un espazo para a expresión libre, sen xuízos e cun claro propósito de compartir experiencias que poidan servir ás demais persoas, á vez que proporcionan ferramentas para a xestión emocional das situacións diferentes que xorden no proceso de emprendemento. A sesión estará orientada por un facilitador do centro, ademais dun máximo de 5 persoas presenciais e 5 en forma de conexión por videoconferencia.



Formación + Monográficos

OBRADOIRO DE COSTURA E BORDADO

■ No 2024 volvemos a apostar por accións formativas variadas e concretas!! Comezamos por este MONOGRÁFICO impartido por MARÍA GAITEIRO.

Será os mércores de 18:00 a 20:00 h. na Casa das Artes de Vedra (en

San Fins de Sales) durante os meses de marzo, abril e maio.

- **Prezo:** 25 € ao mes.

Máis información e inscrición no teléfono 981 814 691 ou escribindo a cultura@concellodevedra.gal





ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ Baile de Entroido

Venres 9 de febreiro ás 19:00 h.
no Centro Social.

Concurso de disfraces, cantos tradicionais, contos, show de bailoterapia, larpeiradas... Actuación de Martín Reimúndez

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Luns 19 de febreiro.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 5 de febreiro de xeito presencial na cafetería do Centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición).

■ Bingo

Xoves 22 de febreiro ás 20:00 h.

■ Bingo

Xoves 7 de marzo ás 20:00 h.

■ Excursión a Madrid e Segovia

11, 12 e 13 de marzo. (3 días, 2 noites).

Itinerario: visita a Segovia e Madrid ao completo.

Prezo: 240 € (Inclúe: transporte, pensión completa en habitación dobre, visitas, guías e seguro de viaxe) - prazas limitadas - aberta a todos/as interesados/as. (O prazo de inscrición ábrese o 15 de febreiro de xeito presencial na cafetería do Centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición).

■ Escola de Saúde: "Primeiros auxilios no fogar"

Xoves 14 de marzo ás 20:00 h.
no Centro Social.

Impartido por Gemma Albela Silva. Enfermeira do Centro de saúde de Vedra

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Mércores 20 de marzo.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 1 de marzo de xeito presencial na cafetería do Centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición).

CAMIÑOS DE COÑECEMENTO E EXPERIENCIA

29/02/2024 16:30-18:00h

Seminario: A relevancia, a diversidade e a riqueza do patrimonio cultural inmaterial galego: unha aproximación á Historia da Música Galega e aos instrumentos de percusión.

Dña. María González Blanco, docente da Facultade de Ciencias da Educación e colaboradora do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo

01/03/2024 16:30-18:00h

Obradoiro práctico de ritmo e percusión.

Dña. María González Blanco, docente da Facultade de Ciencias da Educación e colaboradora do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo da USC

Dña. Lusine Grigoryan Zohrabyan, colaboradora do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo

04/03/2024 16:30-18:00h

Seminario: A prensa no Val do Ulla e a democratización do coñecemento. Séculos XIX e XX.

D. Henrique Neira Pereira, docente do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo da USC

05/03/2024 16:30-18:00h

Obradoiro práctico na Biblioteca Municipal con documentación do arquivo municipal.

D. Henrique Neira Pereira, docente do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo da USC

06/03/2024 16:30-18:00h

Seminario: Idadismo: desterrando prexuízos I.

Dña. Nieves Rodríguez Soler, colaboradora do Programa Universitario para Maiores, IV Ciclo da USC

07/03/2024 16:30-18:00h

Seminario: Idadismo: desterrando prexuízos II. Dña. Nieves Rodríguez Soler, colaboradora do Programa Universitario para Maiores, IV Ciclo da USC



UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA - PAVILLÓN ESTUDIANTIL - 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA - TEL. 881 814 589 - IVCILOSUSC - WWW.USC.ES/IVCICLO

Lugar de celebración e matrícula: Centro sociocultural da Terceira Idade de Vedra.
Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo 41 - Vedra



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).
2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA



MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

TABOLEIRO DIXITAL DE AXUDAS E OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

■ O Departamento de Servizos Sociais habilita unha ventá dentro da sección de actualidade municipal na web municipal na que sempre poderás ver as axudas que podes solicitar e outras informacións de interese relacionadas con materia social.

Deste xeito sempre terás un lugar de recurso que visitar e ter á túa disposición toda a información de interese. Por exemplo: Este mes terás información sobre a tarxeta benvida, sobre a campaña de termalismo ou sobre o IMSERSO 2024.

Visita a páxina www.concellodevedra.gal



LUDOTECA

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar para meternos de cheo no Entroido e desfrutar, ao mesmo tempo comezaremos a vivir unha fantástica aventura coa que nos transportaremos ao mundo da fantasía a través de distintas actividades:

- Pase de disfraces de Entroido
- Xogando en valores: Contacontos
- Experimentos divertidos
- Máscaras de entroido

- Maxia coa plasti
- Gran xogo de pistas

Os días de Entroido non lectivos a Ludoteca abrirá de 8:30 h. a 14:30 h. Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello
de Vedra



Muller

VEDRA É MULLER

■ Acércase o mes de marzo, o Día Internacional da Muller e dende a Concellaría de igualdade trabállase por lograr a igualdade e a emancipación das mulleres no concello; unha igualdade que sexa efectiva e real. Un traballo que se desenvolve ao longo de todo o ano e queremos adiantarvos algunhas das actividades que temos previstas para o vindeiro mes porque queremos contar coa vosa participación activa, xa que o mes de marzo VEDRA É MULLER algunhas das actividades previstas son:

- II Andaina pola igualdade.
- Acto de recoñecemento *Vedra é Muller*
- “Nós facemos historia, Mulleres visibles aquí e agora” Queremos contar con 31 mulleres do concello de Vedra con historias, proxectos e percorridos vitais diferentes para representar a diversidade de mulleres e poñer en valor o papel incuestionable que somos no noso concello, coa vosa imaxe e un pequeno texto das vosas vidas, profesión, afeccións, coidados... queremos dedicar un día a cada unha de vós no mes de marzo. Para isto é importante que vos poñades en contacto ao longo deste mes de febreiro coa área de igualdade do concello.
- Foro muller e saúde
- Talleres para todas as idades
- Acto institucional
- Carta de adhesión de Homes pola igualdade

E continúa “MULLERES +” Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra.

Que ten como obxectivos esenciais:

- Apoderamento e autonomía das mulleres a través de ferramentas TIC de comunicación (correo electrónico, Skype, Whatsapp, etc.) e de participación nas redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram, Pinterest, etc.).
- Procura de información en liña (buscadores, xornais, radio e televisión, blogs).
- E-xestión da vida cotiá (saúde, lecer e cultura, xestións locais, compras, banca electrónica), participación en organizacións de mulleres, recursos locais, etc.
- Mellorar a posición de mulleres no acceso ao mercado laboral e ao sector tecnolóxico e dixital, mediante unha capacitación en TIC.
- Ofrecer asesoramento e acompañamento personalizado ás participantes para que poidan formular e acadar obxectivos persoais (formativos, laborais...)



O taller desenvólvese en distintos horarios para facilitar a participación a través de actividades en grupo e individuais de coaching.

O CURSO É GRATUÍTO

Continúa na páxina 10

Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.gal, teléfonos 699 041 486 ou 981 814693 de 9:00 a 14:00 horas.

E XA SABES... SE QUERES FORMAR PARTE DE “Nós facemos historia, Mulleres visibles aquí e agora” NON DUBIDES EN POÑERTE EN CONTACTO COA ÁREA DE MULLER DO CONCELLO DE VEDRA, carmen.sabio@concellodevedra.gal

concellodevedra.gal, teléfonos 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14:00 horas.



Iniciativas das Asociacións

TEATROFILIA 2024

■ Chega e edición número XIX da Mostra de Teatro Amador da Asociación Cultural Papaventos que coma cada ano encherá o Centro Socio Cultural de Vedra de TEATRO durante os meses de marzo e abril.

- **Prezo:** As entradas serán a 3€ e os bonos a 10€.

PROGRAMA COMPLETO:

Venres, 1 de marzo ás 21:30 h.

“A conexión augardente” (TP) Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra.

Sábado, 2 de marzo ás 20:30 h.

“Don Quixote” (TP) Chirlomirlo (Tui).

Domingo, 3 de marzo ás 19:30 h.

“Casting” (+18) Hipócrita Teatro (Lugo).

Venres, 8 de marzo ás 21:30 h.

“Moito ruído e poucas noites” (TP) Carauta Teatro (Santiago de Compostela).

Sábado, 9 de marzo ás 20:30 h.

“A idade do Pavosaurio” (TP) Teatro Licor Café (Cabras)*

Domingo, 10 de marzo ás 19:30 h.

“O lago dos cisnes” (+13) Tangatutanga Teatro (Santiago de Compostela).

Venres, 15 de marzo ás 21:30 h.

“A parábola do angazo” (+13) Talía Teatro (Santiago de Compostela)*

Sábado, 16 de marzo ás 20:30 h.

“A furgoneta” (+6) Teatro de Balugas (Balugaes - Portugal).

Domingo, 17 de marzo ás 19:30 h.

“MAI” Danza (TP) Lara Munín (Vedra).

“Olimpo’s” (+13) FarandOleiras Cabaré (Oleiros).

Venres, 22 de marzo ás 21:30 h.

“Entrañas negras” (+18) Disfunción Continua (A Estrada).

Sábado, 23 de abril

Ás 16:00 h. Tarde infantil

“Historia do Oeste: na procura do cactus” Xs Papaventiñxs (Vedra).

“San Ventiño” Xs Papaventiñxs (Vedra).


“Que me contas?” Escola de Sarandón (CRA Boqueixón-Vedra “Neira Vilas”)

Ás 20:30 h.

“O abellón” (+8) Aquelando Teatro (Muros).

(*) Dentro da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña

A hora fixada no cartel é a de comezo da función. As portas abranse 15 minutos antes.





SESIÓN DA ESCOLA DE FAMILIAS O 8 DE FEBREIRO COA ANPA CPI DE VEDRA

■ Xunto coa FANPA Compostela, o día 8 de febreiro ás 18:00h, na Biblioteca, imos acoller a charla "As pantallas a debate: O papel de Edxigal no desenvolvemento das competencias do alumnado", impartida por Fernando Fraga Varela, mestre de ensino primario e profesor investigador en tecnoloxía educativa na Universidade de Santiago de Compostela con ampla experiencia en formación de mestres e membro do grupo de investigación Stellae da USC.



EXCURSIÓN ÁS TERMAS DE OUTARIZ E CEA O SÁBADO 17 DE FEBREIRO COA ASOCIACIÓN SAN CAMPIO

EXCURSIÓN A TERMAS DE OUTARIZ E CEA SÁBADO 17 DE FEBREIRO 2024



SAÍDA AS 9.00H CAMPO DA FESTA DE SAN MIGUEL DE SARANDÓN

PREZO SOCIO 30€
PREZO NON SOCIO 40€
NENOS E NENAS ATA 16 ANOS 15€
INCLÚE: VIAXE, TRATAMENTO TERMAL E XANTAR.

INSCRIPCIÓN ANTES DO 12 DE FEBREIRO.
TELÉFONO: 642079012

ORGANIZA:



20º ANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL AMABUL O 24 DE FEBREIRO NA CASA DOS PEÓNOS

■ Moita atención a esta conmemoración que proximamente publicitará a súa programación!!!

ESCOLA AMBIENTAL AMABUL

SÁBADO 10 DE FEBREIRO
OS BOSQUES ESTÁN EN PERIGO

Escoitaches o asombroso concerto de aves, insectos e outros animais que fan dos bosques o seu fogar? Descúbree con nós e aprende máis sobre a importancia de protexer os nosos bosques.



HORARIO de 10:00 a 14:00
LUGAR Casa da Fábrica de Trobe (Vedra)
IDADES a partir de 3 anos
INSCRIPCIÓNS EN AMABUL.ORG

Parabéns



A MONTSERRAT CONSTENLA GARABOA

■ Que no pasado mes de xaneiro participou no Campionato Galego de Ciclocross, converténdose na subcampioa galega de Ciclocross.



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e cómodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS